



UNIVERSIDADE
DE VIGO

LISTA DE ASISTENTES

Allegue Agüete, Pilar
Álvarez Rodríguez, Pablo
Barreiro Blas, Antonio
Bravo Bernárdez, Jorge
Fernández Fernández, Federico A.
Gil Villanueva, José M^a.
González Crespán, Araceli
González Pillado, Esther M^a.
Macías Cambra, Enrique
Montero Muñoz, María
Vaquero Díaz, M^a Beatriz
Varela Martínez, Iago

DESCULPA ASISTENCIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de xuño de 2009.
2. Informe da Presidenta.
3. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección do Reitor.
4. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario.
5. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de representantes nos consellos de departamento.
6. Aprobación, se procede, da ubicación das mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a Reitor e ao Claustro Universitario.
7. Aprobación, se procede, do número de membros por sectores nas eleccións a Consellos de Departamento.
8. Rogos e preguntas.

Punto 1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 17 de xuño de 2009.

Apróbase por asentimento.

Acta da sesión ordinaria da Comisión Electoral, que tivo lugar o día 4 de marzo de dous mil dez ás 09:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda.

O xoves, día **4 de marzo 2010**, ás 10:25 horas, na Sala de Xuntas da Xerencia, deu comezo a xuntanza ordinaria da Comisión Electoral co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

Punto 2. Informe da presidenta.

Informa a presidenta aos membros da Comisión de que a partir de hoxe se inician todos os trámites dos procesos electorais de Reitor/a, representantes de Claustro e representantes nos consellos de departamentos o que supón que durante estes meses e ata a proclamación definitiva dos candidatos nos distintos procesos, esta Comisión deberá reunirse asiduamente para tomar as decisións que se reflicten nos distintos regulamentos vixentes nesta Universidade. Roga por tanto, a todos os membros desta comisión, a súa asistencia as distintas sesión que deban ser convocadas e agradece xa con antelación a súa dispoñibilidade.

Estas xuntanzas están en función do calendario electoral. En canto teñamos aprobados os calendarios que se propoñen, se pasará unha previsión de datas de celebración de Comisión Electoral.

Coméntase pola secretaria que tamén o día das votacións todos os membros da Comisión teñen que estar dispoñibles para calquera dúbida que poda xurdir ese día. A Prof^a. Vaquero suxire que se utilice o sistema de vídeoconferencia.

Informa tamén aos membros da Comisión, que se ten firmado a finais do ano pasado un convenio entre a Xunta de Galicia e as tres universidades galegas para a implantación do voto electrónico nas diversas eleccións a celebrar no ámbito universitario. Neste momento se está traballando pola empresa a quen se lle adxudicou a elaboración do programa informático, e tamén os informáticos da Universidade. Por razóns de prudencia, este sistema se empregará como un proxecto piloto para determinados departamentos, que serán fixados nunha vindeira Comisión.

Por último, informa tamén de que se está preparando un díptico coa información básica das eleccións a Reitor/a e a Claustro para fomentar a participación de toda a comunidade universitaria.

O Sr. Fernández comenta que na páxina web, no apartado relativo ás eleccións, falta un apartado sobre as eleccións a outro persoal docente e investigador e PAS nos consellos de departamento.

Punto 3. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección do Reitor.

Sinala a presidenta que, polo que respecta ao calendario, dáse cumprimento legal ó establecido no artigo 13 do procedemento para elección a Reitor/a. Axustáronse os prazos para que as eleccións teñan lugar o vindeiro día 20 de maio.

Apróbase por asentimento o calendario.

A presidenta expón a continuación os cambios máis salientables introducidos no procedemento para elección a Reitor/a e que se concretan en:

- Modificacións técnicas para axustalo aos Estatutos e á LOU. O máis salientable é o relativo aos cambios no PDI no que se refire a súa inclusión no Sector A e Sector B. Coa modificación da LOU o Sector A vese ampliado o incluír no mesmo a todo o persoal PDI con vinculación permanente na Universidade, pasando a formar parte do mesmo o persoal contratado doutor. O Sector A incluía antes unicamente o profesorado funcionario doutor. Estas modificacións técnicas afectan tamén aos procedementos para elección a membros de Claustro.
- Creación da Xunta Electoral de Centro (artigo 19) con competencias para nomeamento das mesas electorais en cada centro e que actuará tamén na elección de membros do Claustro Universitario.
- Suscita o Sr. Álvarez a dúbida sobre a quen corresponde a competencia para decidir a quen se inclúe en cada un dos sectores aos que se refire o art. 32 dos Estatutos da Universidade. Debátese sobre o tema con intervención da secretaria xeral, a presidenta da Comisión, e as profesoras Vaquero e Allegue, chegándose á conclusión de que a competencia a ten o Consello de Goberno, e a Comisión Electoral é a que despois resolverá as reclamacións sobre os censos tendo en conta a interpretación feita polo Consello de Goberno.

Apróbase por asentimento.

Tendo en conta que nos puntos 4 e 5 se van tratar aspectos relativos a unha das novidades máis salientables dos regulamentos electorais e que algún membro da Comisión non vai chegar ata as 11:00 horas, a presidenta propón alterar a orde dos puntos da orden do día e tratar primeiro os puntos 6 e 7, para deste xeito permitir o debate por parte de todos os membros da Comisión.

Punto 6. Aprobación, se procede, da ubicación das mesas electorais para o sector de Persoal de Administración e Servizos nas eleccións a Reitor e ao Claustro Universitario.

A proposta de ubicación de mesas electorais é similar á de fai catro anos con dous cambios:

- O persoal que traballa na Casa das Campás (antes non existía), votará, por proximidade, na Facultade de Belas Artes.
- No campus de Ourense, o persoal votaba na Facultade de Ciencias da Educación e agora o fará na de Historia.

O Sr. Fernández pregunta onde vota o persoal de Toralla e despois de debater sobre o mesmo se acorda que o farán na Escola Universitaria de Estudos Empresariais. En relación ao persoal do parque móbil se acorda que os do campus de Vigo voten na reitoría e os de Ourense en Ourense; en canto ao persoal da OMA solicita que voten no lugar máis axeitado.

Solicita tamén o Sr. Fernández que un membro dos servizos informáticos, adscrito ao Campus de Vigo, pero que está destinado en Ourense, que poda votar en Ourense. Debátese sobre este último tema e se acorda que sexa el quen solicite ese cambio na reclamación do censo, caso de non ser detectado pola propia Comisión.

Apróbase por asentimento.

Punto 7. Aprobación, se procede, do número de membros por sectores nas eleccións a Consellos de Departamento.

Polo que respecta ao número de membros por sectores nas eleccións a Consellos de Departamento, a proposta que se achega resulta da aplicación das porcentaxes correspondentes os censos respectivos en cada sector.

Apróbase por asentimento.

Punto 4. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de membros do Claustro Universitario.

A presidenta da Comisión, ademais dos cambios xa comentados no punto anterior no procedemento para elección de membros de Claustro, así como, no procedemento para elección de representantes nos consellos de departamento, sinala que hai unha proposta de modificación que trata de recoller o mandato sobre o fomento da paridade de xénero.

A aprobación da modificación da LOU no 2007, así como, da *Ley orgánica 3/2007, para la Igualdad de Hombres y Mujeres* e a Lei Galega de Igualdade, imponen conxuntamente un mandato para estruturar un réxime electoral que favoreza unha composición paritaria nos órganos de representación universitarios.

Neste mesmo senso, os Estatutos da Universidade, recentemente publicados no DOG, obrigan a establecer normas necesarias para propiciar a paridade nos procedementos electorais (arts. 22 e 27).

Tendo en conta que o máximo órgano de representación na Universidade é o Claustro, cómpre dar un paso que, cando menos, fomente a paridade nos procedementos electorais. As distintas opcións que poden ser utilizadas para favorecer a paridade neste órgano supoñen, en todo caso, a adopción de medidas correctoras en distintos momentos do proceso electoral. Habería tres opción a valorar:

1ª- Imposición de listas electorais pechadas “cremallera” (home-muller-home...). Esta opción non parece a máis axeitada en canto por razóns históricas o profesorado universitario sempre tivo liberdade para decidir a súa participación na xestión e na política universitaria, de xeito que o dereito a presentarse como representante nun órgano colexiado, aparece moi vinculado aos propios dereitos individuais. A maiores, correríase o risco da politización extrauniversitaria.

2ª- Introducción de medidas correctoras no modo de facer o escrutinio dos votos. Deste xeito, para dar cumprimento á regra do 40%, no escrutinio se designarían como candidatos electos aos máis votados de cada xénero ata chegar ao 40% das prazas que deben ser cubertas e o 20% restante se designaría ao máis votado, con independencia do xénero. Se calquera dos dous xéneros non chega ao 40%, a parte sobrante incrementaría o global do 20%. Este sistema tamén debería ser descartado en canto é contrario a un dos principios básicos do sistema democrático que é o de representatividade (podería darse o suposto de que unha persoa só co seu voto, fora candidato/a electo/a ao ser o/a único/a do seu xénero nesa circunscrición electoral).

3ª- Introducción de medidas correctoras no momento de facer a votación polos electores, que só poderán votar a un número máximo de candidatos por cada xénero. En concreto, cada elector poderá votar a un máximo dun 60 % de candidatos dun xénero, quedándolle o 40 % restante para votar ao outro xénero. Deste xeito se evitan os problemas derivados dos dous sistemas anteriores: cada membro da comunidade universitaria é libre para presentar a súa candidatura individualmente; doutra parte, a principio da representatividade queda salvado en canto os candidatos electos serán os máis votados, con independencia do seu xénero. En contra deste sistema pode dicirse que no garante a paridade posto que efectivamente o resultado final pode non ser paritario, pero a propicia e fai que os distintos grupos pensen na necesidade de presentar tanto homes como mulleres nas súas candidaturas.

Polo tanto, nos procedementos que van ser sometidos a esta Comisión nos puntos 4 e 5, sobre procedementos para elección a membros de Claustro e de representantes nos consellos de departamento, respectivamente, vai incluída esta última proposta como un mecanismo propiciatorio da paridade de xénero. Isto conleva que a papeleta de votación deba conter dous listados, un de candidatos e outra de candidatas.

Polo que respecta á normativa que recolle o fomento da paridade, hai unha proposta de corrección no texto relativo o artigo 12.2, xa que a súa redacción actual pode inducir a erro. Proponse a seguinte redacción:

12.2. Aos efectos de promover a paridade entre xéneros no Claustro Universitario, cada elector ou electora poderá votar como máximo ao 60% das candidaturas de un dos xéneros, determinado sobre o número de candidatos e candidatas máximo previsto no apartado anterior, de acordo coa táboa 2, na cal, A é o número de representantes para elixir por cada sector e circunscrición electoral, e B o número máximo de candidaturas aos que poderá dar o seu voto cada votante e C o número máximo que se pode votar para un dos xéneros.

Debátese sobre o tema entre todos os membros da Comisión sobre a conveniencia da inclusión das normas.

Procédese á votación:

- Votos a favor: 8
- En contra: 0
- Abstencións: 3

Apróbase por maioría.

Punto 5. Aprobación, se procede, do calendario e do procedemento para a elección de representantes nos consellos de departamento.

A presidenta lembra os cambios xa comentados nos puntos 3 e 4 e que afectan a este procedemento.

Apróbase por asentimento.

Punto 8. Rogos e preguntas.

O Sr. Álvarez pregunta sobre o voto electrónico e sobre se vai utilizar só ese sistema ou acompañado co sistema de voto en papel.

Debátese sobre o tema coa presidenta e a secretaria e o Prof. Bravo. Sinálase pola secretaria xeral, que a utilización do voto electrónico concentrarase en catro ou cinco departamentos e será unha experiencia piloto para coñecer o funcionamento do mesmo, polo tanto, se empregará de forma única, excluíndose o voto en papel.

Presenta a presidenta un modelo de candidatura aos membros da Comisión e se debate sobre a mesma. Parece máis axeitada unha papeleta con dúas columnas, una con candidatos de cada xénero e indicarse na mesma que: “poderá votarse como máximo a” X nunha columna e Y noutra.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 12:00 horas do día 4 de marzo de 2010 da que eu como secretaria xeral dou fe, co visto e prace da presidenta da Comisión Electoral.

A presidenta da Comisión Electoral

A secretaria da Comisión Electoral

María Montero Muñoz

Esther M^a. González Pillado